

PROXECTO INTEGRAL DE EDUCACIÓN MEDIOAMBIENTAL “CULTIVANDO NA ESCOLA”

1.- FUNDAMENTACIÓN

A fundamentación deste proxecto vén dada por dous eixes concéntricos: a problemática medio ambiental que afronta a sociedade en xeral, e as potencialidades dun traballo en educación medioambiental cos nosos alumnos e alumnas.

O primeiro eixe refírese á problemática que no relativo ó medio ambiente padece a sociedade actual. O crecemento descontrolado das cidades, a produción e o tratamento dos residuos, as industrias, o uso de produtos químicos na agricultura e a gandería causan importantes danos no medio ambiente.

Os responsables de todas estas causas non son outros que os seres humanos polo tanto somos nós os que temos que cambialas. Para iso o instrumento por excelencia é a educación, xa que a través dela podemos conseguir cambia-la nosa visión do mundo, deixar de centrarnos en nós mesmos e pasar a considerarnos un elemento máis do planeta Terra.

A educación ambiental , polo tanto,debe enfrontarse a unha serie de actitudes que mediatizan a nosa relación coa natureza, como a consideración do ser humano como o centro do planeta, a estimación da natureza como ben inesgotable, a identificación do progreso coa posesión de bens, a sobrevaloración do modo de vida urbano, a primacía do presente sobre os formularios a medio e longo prazo.....

Neste contexto plantéxase a educación ambiental como unha necesidade prioritaria da que non escapan os nosos nenos/as. É aquí onde se sitúa o segundo eixe desta fundamentación. As súas actitudes e os seus valores cara ó medio ambiente contribuirán ben o seu deterioro ou ben ó seu coidado, e polo tanto, é importante traballar sobre as mesmas.

O proxecto enfócase dende un punto de vista interdisciplinario, integrando e relacionando os aportes das diferentes materias, xa que se considera que o medio ambiente abarca diferentes aspectos da vida e é difícil de enmarcar nunha única materia.

Plantéxase ademáis para as diferentes etapas do proceso educativo (Educación Infantil, Educación Primaria, e E.S.O.) como un xeito de integrar a toda a nosa comunidade escolar na tarefa de melloralo seu entorno.

Desde os primeiros anos da súa vida, en Educación Infantil, os nenos e nenas comencan a adquirir os valores, hábitos e actitudes que seguirán na súa vida, polo que considérase imprescindible actuar a este nivel, aproveitando a plasticidade do momento para comencar a asentar as bases da súa **sensibilidade** ambiental. Na Educación Primaria e na E.S.O. considérase fundamental a intervención de cara a asentar **coñecementos, actitudes e habilidades** de cara á mellora do medioambiente. Finalmente, búscase a **participación especialmente activa**, dos alumnos/as da E.S.O. ofrecéndolles a posibilidade de compartir a **responsabilidade da formación** ambiental dos mais pequenos/as de cara a lograr un futuro mellor para todos.



2.- OBXECTIVOS

O obxectivo xeral do presente proxecto radica en favorece-lo coñecemento e a comprensión da natureza, a súa relación co ser humano e a problemática que atravesamos na actualidade, así como desenvolver actitudes e comportamentos de respecto e valoración positiva da mesma.

Este obxectivo xeral traballarase a partir dos obxectivos específicos:

- Favorece-lo desenvolvemento de capacidades sensoriais e perceptivas dos participantes nun contexto natural.
- Fomenta-lo coñecemento básico do contorno natural e próximo, e o coñecemento de formas de cultivo sinxelas.

- Examinar e comprender globalmente as relacións do ser humano coa natureza.
- Adquirir comportamentos de respecto e valoración do medio ambiente.
- Estimular unha implicación activa no respecto cara ó medio ambiente.
- Recuperar activamente as zonas mais degradadas do entorno escolar.

Estes obxectivos específicos desenvolveráanse en base ós contidos que aparecen a continuación.

CONTIDOS CONCEPTUAIS

- Ecosistemas naturais (litoral e bosque) e antrópicos (agrícola)
- Relacións do ser humano coa natureza.
- Coñecemento das plantas e da súa importancia na biosfera.
- Tratamento de residuos: compostaxe.
- Coñecemento de diferentes artes plásticas como as composicións con elementos naturais.
- Características dos instrumentos e elementos utilizados para manter e coida-la horta, o xardín e o viveiro.
- Diferentes formas de cultivo, repoboación, semente, etc.
- Características das plantas, coidado e necesidades, época de semente, etc.
- Estudio dos factores ambientais e a súa influencia no desenvolvemento das especies cultivadas.

CONTIDOS PROCEDIMENTAIS

- Análise da nosa relación co medio.
- Uso dos sentidos na natureza para o recoñecemento e identificación das características de plantas.
- Reutilización de residuos orgánicos e elaboración de compost.
- Control progresivo das tarefas necesarias para o mantemento da horta, do viveiro e do xardín.
- Uso de medios para divulgar e compartilas experiencias (internet)

CONTIDOS ACTITUDINAIS

- Comportamentos axeitados na natureza.
- Valoración positiva da natureza.
- Cooperación en e pola natureza.
- Toma de conciencia da importancia do noso comportamento para o mantemento do medio.
- Curiosidade científica, interese pola búsqueda de explicacións de feitos e fenómenos.
- Valora-la aportación da información transmitida por tódolos participantes.

3.- METODOLOXIA.

Séguese unha metodoloxía activa e participativa. Pretendemos que o alumno se integre na súa propia aprendizaxe xunto con outros alumnos e alumnas e o seu mestre, intentando atopar resposta ás preguntas formuladas nos distintos momentos.

Neste proceso o alumno/a vai incorporando as técnicas e estratexias necesarias, obtén información a partir da súa experiencia e dos datos que os nenos/as e o mestre lle proporcionan, e familiarízase con diferentes formas de recollela.

Tratamos ademais de que a aprendizaxe sexa significativa, xa que constantemente estanse xerando conflitos socio-cognitivos que esixen a procura de reequilibracións por parte do alumno/a.

Neste proxecto, experiencia e aprendizaxe están moi relacionadas. As actividades están pensadas para favorece-la interacción entre iguais e cos adultos, e temporalizadas en función dos ritmos naturais do proceso. Neste senso favorécese a interrelación entre alumnos/as de distintas idades, xa que os maiores irán ensinando ós cativos e colaborando no seu proceso de aprendizaxe.

Por ultimo os recursos didácticos a utilizar son os seguintes:

- A planificación dos mestres.
- Os contidos, obxectivos xerais e específicos.
- O uso dun método globalizado de traballo
- As tarefas relaciónanse coas distintas áreas da experiencia.
- O xogo como instrumento clave da educación e o crecemento persoal.

4.- ACTIVIDADES

Os obxectivos e contidos plantexados vanse traballar a partir de dúas liñas de actuación: a) sensibilización cara ó respecto polo medio ambiente; e b) interacción coa natureza. A continuación explícanse as principais actividades programadas nestas liñas de actuación agrupadas por áreas de traballo.

ÁREA DE CIENCIAS NATURAIS E BIOLOXÍA

Tódolos niveis traballarán nesta área como punto de partida a importancia da vexetación na biosfera.

Ed. Infantil: Preparación da terra para a horta, plantación de sementes e seguimento do seu crecemento.

Ed. Primaria: Estudio e procura de sementes, bulbos, esquexes e plantas que se adapten á zona a axardinar, de cara a conquistar un xardín “vivo “ todo o ano.

Preparación da terra, plantación e coidados do xardín.

E.S.O. Recuperación e acondicionamento da zona destinada á horta. Incluindo a recuperación dun regato próximo á horta.



Análise das características edafólicas do terreo co obxecto de adaptalos cultivos tanto da horta como do xardín.

Uso de fertilizantes e pragicidas biolóxicos na horta e no xardín.

Saída a bosques cercanos para recoller froitos e sementes. Plantación das sementes e os froitos de cara a crear un viveiro forestal.

ÁREA ARTÍSTICA

Ed.Infantil, Ed.Primaria e ESO realizarán composicións vexetais a partir dos elementos recollidos na horta e no xardín. Tamén se utilizarán elementos recollidos en saídas ó campo.

E.S.O.: Estudio de diferentes tipos de xardíns, e elaboración do deseño do xardín que se creará na escola de tal xeito que o resultado sexa harmónico e artístico.

ÁREA DE TECNOLOXÍA

ESO: Sistemas de rego, suxeción (estacas...) necesarios para o mantemento da horta e do xardín.



ÁREA DE CIENCIAS SOCIAIS

Ed.Primaria: Creación dun pequeno observatorio meteorolóxico que rexistre as incidencias climáticas, permitindo a través da recollida de datos a elaboración de gráficos pluviométricos.

ESO: Realización dun estudio climático (temperatura, pluviosidade,...) que permita axeitara orientación da horta e do xardín tendo en conta os ventos dominantes, a incidencia do sol, a humidade,...

ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA

Ed.Primaria e E.S.O.: Deseño e realización por parte do alumnado de actividades físicas no medio natural que contribúan á súa conservación e mellora.

ÁREA DE INFORMÁTICA

ESO: Publicación de datos do observatorio metereolóxico en internet, así como información acerca do desenvolvemento do traballo en xeral. Creación dunha páxina adicada ó Voz Natura da nosa escola.

Ó mesmo tempo o proxecto pode dar lugar a diferentes traballos relacionados co mesmo nos que poden participar outras áreas como literatura (traballos literarios, relatos,...), historia (xardíns na historia, plantas en canto á súa orixen),... Do mesmo xeito, se plantexarán celebracións conxuntas da comunidade educativa con motivo de datas sinaladas como o Día da Árbore.

Na páxina seguinte pódese observar un cronograma que reflicte a distribución das actividades.

CRONOGRAMA

MES	ACTIVIDADES DA AULA	ACTIVIDADES DE EXTERIOR
Xuño-Xullo	Revisión do proxecto e traballo de organización por niveis	
Setembro	Preparación do material e distribución do traballo	
Outubro	Recollida selectiva: Compost. Preparación das composteiras. A importancia da vexetación na biosfera	Instalación das composteiras Limpeza do terreo do xardín. Recuperación do regato e limpeza da zona de traballo da horta.
Novembro	O bosque	Recollida de sementes e froitos no bosque. Clasificación.
Decembro	A semente e a plantación	Plantación en tetrabricks das sementes e froitos recollidos no bosque de cara a crear un viveiro forestal.
Xaneiro	A semente e a plantación	Creación de sementeiras nas aulas. Análisis das características edafólicas do terreo.
Febreiro	A observación meteorolóxica de cara ó cultivo. Creación dun observatorio mereorolóxico.	Instalación do observatorio. Recollida de datos.
Marzo	A árbore Festa da árbore	Plantación dos primeiros plantóns na horta e no xardín.
Abril	Agricultura ecolóxica O tratado ecolóxico do xardín	Uso de abonos e pragicidas ecolóxicos. Plantación e coidados na horta e no xardín. Instalación de sistemas de riego. Seguimento do viveiro forestal.
Maio	Respeto e coidado do medio ambiente.	Actividades no medio natural. Coidado da horta e do xardín.
Xuño	Recordando o feito	Recolleita e festa da recolleita Coidado do xardín Festa do Medio Ambiente

5.- RECURSOS HUMANOS

Os recursos humanos cos que se conta para o desenvolvemento deste proxecto son os propios profesores/as do centro. A continuación recóllense os principios participantes.

Educación Infantil 3 anos

M^a Inés Lopez

María José Cuñarro

Marcos Martínez

Educación Infantil 4 anos

Ana Cabarcos

Rocío Rico

Eugenia Llagues

Educación Infantil 5 anos

M^a Carmen Sánchez Cao

Ana Dans

Begoña Manteiga

Primer ciclo de Educación Primaria

Amparo Timiraos

Alberto Fanego

Manuela Neira

M^a del Carmen Zas

Clotilde Iglesias

Manuel Regueira

Segundo ciclo de Educación Primaria

Mercedes García

M^a Eugenia López

M^a Luisa Fernández

M^a Jesús de Ramón

M^a del Carmen Naveira

M^a Cruz Bravo

Terceiro ciclo de Educación Primaria

María Cubeiro

M^a Jesús Picallos

M^a Victoria Rodríguez

Ana M^a Sastre

M^a del Pilar López

M^a del Carmen Rubio

Primeiro ciclo da E.S.O.

Mónica Sánchez

María Veira

Josefina Alvariño

Miguel Rivera

Arancha Concheiro

Juan José Menéndez

Ignacio Miñón

M^a Laura Crespo

Otros profesores/as de estos niveles

Miguel Leitao

Manuel Granda

Lourdes Teijeiro

Isabel Riádigos

Teresa M^a Míguez

M^a Teresa Sanjurjo

M^a Luisa Montero

Rosa M^a Rodríguez

Isabel Fernández

Benilde Patiño

Asunción Martín

M^a Sol Bao

Fco. Javier Varela

Tania del Campo

Manuel Campos

6.- AVALIACIÓN

O obxectivo da avaliación deste proxecto é amplo, abrangendo dende a comprobación da consecución dos obxectivos ou a detección dos fallos na programación, ata a adaptación das actividades propostas ou a optimización do desenvolvemento das mesmas, en definitiva, trátase de mellorar e optimizar, dun xeito continuado, o proxecto e a súa dinámica.

É importante avaliar constantemente. E non se avalía só o resultado dunha actividade, senón o proceso realizado e a actuación do propio mestre no formulamento das actividades.

O sistema de avaliación proposto para este proxecto estrutúrase en función do momento de avaliación: antes, durante e despois.

Avaliación Inicial.- Na avaliación inicial informamos sobre a situación do neno/a ó principio do proxecto.

É moi importante a observación diaria, recoller información a través de diálogos e de preguntas, para saber de onde partimos, qué intereses e gustos teñen os nenos/as; é dicir, buscar información que nos facilite e vengelle o traballo posterior. Neste senso, agás no caso dos mais cativos, faremos unha medida inicial a través de distintas Escalas de Actitudes e Valores de cara ó medio ambiente, que nos permita situar ós nosos rapaces/as neste campo.

Avaliación Continua.- Este tipo de avaliación ten como obxectivo contrasta-la marcha do proxecto. Dita avaliación permite correxir, asusta-las actividades, crear novas alternativas, valora-los progresos e as dificultades atopadas,... Para este tipo de avaliación utilizarase información procedente dos nenos/as e dos mestres/as.

Para os nenos/as, utilizaranse distintas estratexias como: observación do desenvolvemento das actividades, grao de participación e implicación, se amosan entusiasmo polos descubrimentos, se teñen autonomía de acción e de pensamento, se son capaces de supera-las dificultades e colaboran cos demais...

No caso dos mestres/as, a avaliación realizarase nun apartado específico de reunión bimensual dos mestres. Nesta avaliarase o desenvolvemento das actividades, as dificultades atopadas, o comportamento dos nenos/as... Esta reunión permitirá, polo tanto, axusta-la programación día a día.

En definitiva, este tipo de avaliación permitirá ir mellorando o proxecto tanto sobre a marcha como a curto e medio prazo.

Avaliación Final.- O obxectivo será obter unha visión global e final do funcionamento do proxecto, utilizará ademais da información recollida na avaliación inicial e continua, unha avaliación final dos nenos/as e dos mestres/as.

No caso dos mais cativos (E.Infantil) levarase a cabo algún xogo ou actividade sobre o aprendido na experiencia, para os maiores ademais de distintas actividades de avaliación informal, repetiremos as Escalas de Actitudes e Valores aplicadas ó comezo do proxecto de tal xeito que poidamos ter unha “medida” do efecto da nosa experiencia.

A avaliación final dos mestres realizarase a través dunha reunión final ó rematalo proxecto. Dita avaliación xira basicamente en torno a catro temas: consecución de obxectivos, coordinación, actividades e participantes.